



Resolución de 17 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se aproba o baremo de méritos autonómicos aos efectos do concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal.

De conformidade co establecido na base Quinta J, da Resolución de 27 de outubro de 2011, da Dirección Xeral de Cooperación Local, pola que se convoca o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, na que se dispón que ao día seguinte ao da publicación no BOE da devandita resolución, se fará pública na páxina web (<http://www.eidolocal.es>) e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia o baremo de méritos autonómicos de habilitados estatais que exercen ou exerceron na Comunidade Autónoma de Galicia ou que remitiron algún mérito para a súa inscrición no mesmo.

RESOLVE

Primeiro: Aprobar o baremo de méritos autonómicos de funcionarios con habilitación de carácter estatal, que se corresponde co disposto no Anexo da presente resolución e que será de aplicación supletoria aos efectos do concurso unitario convocado por Resolución de 27 de outubro de 2011, da Dirección Xeral de Cooperación Local, publicado no BOE núm. 276, de 16 de novembro de 2011.

Segundo: Dar publicidade ao mesmo de conformidade co disposto na base mencionada na páxina web (<http://www.eidolocal.es>) e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2011

O director xeral de Administración Local

P.D.: Orde do 22-09-2011 (DOG nº 194, de 10/10/11)



Jose Norberto Uzal Tresandí